



JSON con datos máximos de chuvia e refacho das estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON para obter datos máximos relacionados con chuvia e vento da rede das estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia a través da ligazón:

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/datosMaximosEstacions.action>

Para ver máis información sobre a rede de estacións meteorolóxicas, consulte o apartado da nosa web:

<http://www.meteogalicia.gal/observacion/rede/redeIndex.action>

1 Introducción ao formato JSON

O formato JSON ¹(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

2 Estrutura do arquivo JSON

Este arquivo está formado por un único par de nome *listaDatos* cuxo valor está formado por unha lista de elementos que identifican cada unha das estacións e aporta información sobre os datos máximos dispoñibles. **Só será posible consultar períodos máximos de 6 días e, se non se especifica ningún período, devolverá os datos dos 7 últimos días (sempre sen incluír o día en curso).** Cada un destes elementos está formado polos seguintes par/valor:

concello: nome do concello no que está situada a estación.

idConc: identificador do concello no que está situada a estación.

estacion: nome da estación.

idEst: identificador da estación.

lon: coordenada de lonxitude.

lat: coordenada de latitude.

provincia: nome da provincia na que está situada a estación.

listaInstantes: lista de cada un dos días dispoñibles para cada estación. Cada un destes instantes está formado polos seguintes par/valor:

data: data do día ao que se refire o instante. Amósase en formato: yyyy-mm-ddT00:00:00

1 Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>



chuv1hMax: valor numérico que representa, en mm., a máxima chuvia acumulada nun período de 60 minutos.

chuv1hMaxHora: instante de inicio no que se acadou a máxima chuvia representada polo atributo *chuv1hMax*. Amósase en formato: yyyy-mm-ddThh:mm:00

chuvDiaAcum: valor numérico que representa a cantidade de chuvia, en mm., acumulada no día.

chuvDiaIntMax: valor numérico que representa a intensidade horaria máxima de chuvia do día, en mm/h.

chuvDiaIntMaxHora: hora na que se acadou a intensidade representada polo atributo *chuvDiaIntMax*. Amósase en formato: yyyy-mm-ddThh:mm:00

refMax: valor numérico que representa o refacho de vento máximo do día, expresado en km/h.

refMaxHora: instante no que se acadou o refacho máximo representado polo atributo *refMax*. Amósase en formato: yyyy-mm-ddThh:mm:00

3 Parámetros de consulta

Por defecto (sen parámetros) este servizo devolve a información dos últimos 7 días (sen incluír o día en curso) para todas as estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia en servizo.

- **Parámetro idEst**

Para consultar a información dunha ou varias estacións concretas, pode utilizar o parámetro *idEst*, ao que lle hai que engadir o identificador ou identificadores das estacións que desexe consultar. Se son varias, os identificadores teñen que ir separados por coma (,).

Os identificadores de todas as estacións meteorolóxicas en servizo de MeteoGalicia pode consualos:

* Nun servizo JSON:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/listaEstacionsMeteo.action>

Para máis información sobre este servizo pode consultar o seguinte documento:

http://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/docs/rss/JSON_listaEstacionsMeteo_gl.pdf

* Nunha páxina web:

<http://www.meteogalicia.gal/observacion/rede/redeIndex.action>

Exemplos:

Por exemplo, a estación Santiago-EOAS ten o identificador numérico 10124, polo que a consulta sería:

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/datosMaximosEstacions.action?idEst=10124>

No caso de varios identificadores, a consulta sería:

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/datosMaximosEstacions.action?idEst=10124,10050>



- **Parámetro idConc**

Para consultar a información das estacións que pertencen a un ou varios concellos concretos, pode utilizar o parámetro idConc, ao que lle hai que engadir o identificador ou identificadores dos parámetros que desexe consultar. Se son varios, os identificadores teñen que ir separados por coma (,).

Os identificadores de todos os parámetros dispoñibles na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia pode consultarlos no Anexo I do seguinte documento:

http://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/docs/rss/RSS_ConcellosCPrazo_gl.pdf

Exemplos:

Por exemplo, o concello de Santiago de Compostela ten o identificador 15078, polo que a consulta sería:

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/datosMaximosEstacions.action?idConc=15078>

No caso de varios identificadores, la consulta sería:

<http://sor.meteogalicia.es/rss/observacion/datosMaximosEstacions.action?idConc=15078,15001>

- **Parámetros dataIni e data Fin**

Para consultar a información dun período concreto, pode utilizar os parámetros dataIni e dataFin, expresando a data en formato dd/MM/yyyy. O servizo permite, como máximo, a consulta conxunta dun período de 7 días. Para períodos máis amplos, devolverá un erro.

Exemplo:

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/datosMaximosEstacions.action?dataIni=23/01/2017&dataFin=27/01/2017>

- **Combinación dos parámetros**

É posible combinar na consulta os parámetros definidos anteriormente.

Exemplo:

<http://servizos.meteogalicia.es/rss/observacion/datosMaximosEstacions.action?dataIni=23/01/2017&dataFin=27/01/2017&idEst=10124>